

Verán 2009

Museo Provincial de Lugo

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

Praza da Soidade s/n. 27001 Lugo
Tfno.: 982 242112 / Fax: 982 240240
info@museolugo.org , www.museolugo.org

Horario de verán (xullo e agosto):

De luns a venres, de 11 a 14 e de 17 a 20 h

Sábados, de 10 a 14

Domingos e festivos, pechado


Entrada gratuíta



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura



MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

O Museo Provincial de Lugo e os demais museos integrados na Rede Museística da Deputación de Lugo tentan satisfacer o interese de todas aquelas persoas, sobre todo dos máis novos, que desexan aproveitar os meses de verán para acrecentar coñecementos e experiencias tendo como referentes a arte, a historia e a cultura.

O programa que lles presentamos ofrece unha ampla variedade de alternativas, sen esquecer o lúdico nin a procura de valores como o fomento da amizade, da solidariedade ou as relacións interculturais.

O campamento de arqueoloxía, que tanta demanda xerou ano tras ano, acada a súa sexta edición no Museo Provincial de Lugo. Esta actividade desenvólvese ao aire libre e consiste en dar a coñecer e experimentar os labores arqueolóxicos como fórmula fundamental para achegarnos ao coñecemento do noso pasado. A cidade de Lugo e a súa contorna, ricas en localizacións arqueolóxicas, permítenos contextualizar o pasado e motivar o interese polo seu coñecemento entre as xeracións que veñen.

Nos obradoiros ensínanse procesos creativos para que o alumnado os descubra e ao tempo goce dando forma a ideas e inqedanzas. Todas as persoas que interveñen como monitores contan con longa e recoñecida experiencia tanto no campo creativo como no da didáctica, o que garante os resultados desta proposta.

Ademais queremos convidalos a participar noutras actividades que se van desenvolver neste período vacacional como as revistas orais *O pazo das musas* e *A voz dos carraos*, a concertos, exposicións... E por suposto, tamén está Vd. convidado a visitar as coleccións permanentes que se amosan nas distintas salas dos outros museos da Rede Museística Provincial. Sempre será ben recibido.



VI CAMPAMENTO DE ARQUEOLOXÍA

Director: Enrique Alcorta Irastorza, arqueólogo do MPL.
Coordina: Lucía Dequidt Lagares, Departamento de Didáctica
Datas: 13, 14, 15, 16 e 17 de xullo
Idades: de 9 a 13 anos
Horario: de 11:30 a 13:30 horas.
Prazas: 30 participantes
Obxectivos: Experiencia práctica mediante a simulación dunha escavación real, seguindo o procedemento e metodoloxías aconsellables nestes casos.
Nota: Os participantes deberán vir provistos de vestimenta axeitada para traballar con terra (botas, roupa vella, gorra para o sol...etc.). As luvas e demais material necesario corren a cargo do museo.

ARTE NO CLAUSTRO

Mestra: Begoña Fernández García, Departamento de Didáctica
Idades: de 6 a 10 anos
Datas: 29 e 30 de xuño, 1 e 2 de xullo.
Horario: de 11:30 a 13:30 horas.
Prazas: 15 participantes.
Obxectivos: Visitamos o claustro do museo, explicamos como se fan, como funcionan e para que sirven os reloxos de sol, as aras e os escudos. Tratamos de imitalos construíndo outros en diversos materiais.

ABANOS

Mestra: Ana Covadonga López-Boado Rey, Departamento de Didáctica
Datas: 6, 7, 8 e 9 de xullo.
Idades: de 8 a 12 anos
Horario: de 11:30 a 13:30 horas.
Prazas: 15 participantes.
Obxectivos: Coñeceremos a orixe, usos e segredos da comunicación con abanos. Pintarémolos con debuxos predeseñados e de libre creación.

A CERÁMICA AO LONGO DA HISTORIA

Mestre: Tar López López, Departamento de Didáctica. Datas: 20, 21, 22 e 23 de xullo.
Idades: de 8 a 10 anos
Horario: De 11:30 a 13:30 horas.
Prazas: 15 participantes
Obxectivos: Coñeceremos a orixe e historia da cerámica, a evolución das formas e os diversos usos dos utensilios desde a antigüidade ata hoxe.

PEDRA, PERGAMIÑO, PAPEL

Mestre: Raquel Guerrero Prieto, Departamento de Didáctica
Idades: de 8 a 12 anos
Datas: 27, 28, 29 e 30 de xullo.
Horario: de 11:30 a 13:30 horas
Prazas: 15 participantes
Obxectivos: Traballaremos sobre pedra, pergamiño e papel, utilizando como base teórica distintas pezas do museo que nos permitirán explicar a evolución da escritura, as técnicas e os soportes ao longo da historia. Construiremos unha pluma, escribiremos sobre pedra, traballaremos sobre pergamiño, iluminaremos un escrito...

FOTOGRAFÍA E ARTE

Mestre: Germán Limeres e Víctor López Formoselle.
Datas: 3, 4, 5 e 6 de agosto
Idades: de 8 a 13 anos
Horario: De 11:30 a 13:30 horas.
Prazas: 15 participantes
Obxectivos: Coñecer a relación entre a arte figurativa (realismos) e a fotografía tomando como modelo cadros de paisaxes urbanas do Museo Provincial e da exposición temporal **Guerreiro: Aluguer de soños**. Experimentaremos a creación artística a través da fotografía.

ESTAÑO

Mestra: Cristina Leiro Castro
Datas: 24, 25, 26, 27 e 28 de agosto
Idades: de 7 a 12 anos
Horario: de 11:30 a 13:30 horas.
Prazas: 15 participantes
Obxectivos: Coñeceremos como eran as xoias dos nosos devanceiros e elaboraremos un torques en relevo coa técnica do estaño, lembrando aos antigos ourives.

OUTRAS PROPOSTAS PARA O VERÁN 2009 VISITAS GUIADAS GRATUITAS

Ademais das visitas guiadas para grupos que se ofrecen durante todo o ano, e que deben ser concertadas previamente co Departamento de Didáctica (tfno.: 982 242 300), durante os meses de xullo e agosto existe a posibilidade de participar nunha visita guiada para os grupos que se formen espontaneamente. Estes grupos deberán estar integrados por un mínimo de 10 persoas.
Visita guiada de verán: de luns a venres, ás 12:30 horas.
Duración: 30 minutos.
Todas as visitas son gratuítas.

REVISTA ORAL

O pazo das musas, nº 18. xoves, 25 de xuño de 2009 / 20 horas.
Revista oral de periodicidade trimestral, editada polo Museo Provincial de Lugo integrado na Rede Museística dependente da Deputación Provincial de Lugo. Lugar: Museo Provincial de Lugo.
Duración aprox.: 1,30 h.
O pazo das musas, nº 19. xoves, 24 de setembro de 2009 / 20 horas.
Revista oral de periodicidade trimestral, editada polo Museo Provincial de Lugo integrado na Rede Museística dependente da Deputación Provincial de Lugo. Lugar: Museo Provincial de Lugo.
Duración aprox.: 1,30 h.

CONCERTOS

Ciclo: Espazos sonoros (En colaboración coa Consellería de Cultura da Xunta de Galicia)
-Xoves, 11 de xuño, ás 20:30 horas, concerto de **Mateo Arnáiz**.
-Sábado, 27 de xuño, ás 20:30 horas, concerto do grupo **Animales domésticos**.
-Martes, 21 de xullo, ás 20:30 horas, concerto de alumnos do Conservatorio Profesional de Vilalba.

EXPOSICIÓNS

Sala do Museo Provincial
Aluguer de soños, de Xoán Guerreiro (do 11 de xuño ao 16 de agosto)
Actividades culturais complementarias da exposición **Aluguer de soños: Visitas comentadas para estudantes de arte e público en xeral**
-Martes, 16 de xuño, ás 20:00 horas, a cargo de comisaria da mostra e do artista.
-Xoves, 2 de xullo, ás 19:30 horas, a cargo de comisaria da mostra e do artista.
Itinerario poético
-Xoves, 2 de xullo, ás 20:30 horas: **Sen armas** por Guerreiro, un itinerario poético pola exposición “Aluguer de soños” a cargo de **Yolanda Castaño**.
-Martes, 21 xullo, ás 20:30 horas, concerto de alumnos do **Conservatorio Profesional de Vilalba**.
Obradoiro (Véxase obradoiro de Fotografía e Arte)
Sala do Pazo de San Marcos (sede da Deputación)
Galicia, unha cultura para un novo século, Consello da Cultura Galega 1983-2008 (do 10 de xuño ao 19 de xullo de 2009)
Inqedanzas, exposición fotográfica de **L. Hixinio Flores Rivas** (do 30 de xullo ao 30 de agosto).

EXPOSICIÓ INITERANTE

Incisións, mostra de 26 de gravados realizados con distintas técnicas por 26 artistas plásticos lucenses con motivo do 75 aniversario do Museo Provincial de Lugo.
Itinerancia:
Centro Cultural e de Servizos á Cidadanía, Cervo (do 16 de xuño ao 12 de xullo)
-Forte “San Damián”, Ribadeo (do 14 de xullo ao 14 de agosto)
-Sala de Arte da Casa de Cultura, Burela (do 17 de agosto ao 15 de setembro)
-Centro Sociocultural Barreiros (do 16 de setembro ao 9 de outubro)

O MUSEO INVÍTATE

Actividades e espectáculos para familias. Todos os primeiros sábados de cada mes, ás 12:30 horas tes unha cita insquecible no Museo Provincial de Lugo.
Sábado, 6 de xuño de 2009, ás 12,30 horas
Unha rosa no xardín (teatro negro con monicreques), por Pingateatro.
Sábado, 4 de xullo de 2009, ás 12,30 horas
Debuxando cunha caixa de luz (obradoiro creativo) por Marisa Irimia.
Sábado, 1 de agosto de 2009, ás 12,30 horas
Contos para escagarriñarse, por **Ghazafellos**.
Sábado, 5 de setembro, de 2009, ás 12,30 horas:
Cantacontos, por **Migallas Teatro**.

NOTA IMPORTANTE

A inscrición para as actividades que o requiran é gratuíta. Poderá formalizarse a partir da data de publicación do anuncio ou convocatoria pública nos museos onde se vaia realizar a actividade. O prazo remata cando se cubran, por rigorosa orde inscrición, as prazas previstas na convocatoria.

